



Expediente núm.: CO-01-AS/2019

Resolución da Alcaldía

Procedemento: Contrato de Obras por procedemento aberto simplificado

Asunto: Contratación das obras de reforma do alumeadado público

Resolución da Alcaldía

Á vista da memoria xustificativa da necesidade de contratación e dos seguintes antecedentes:

Expediente	Procedemento	Resolución	Data
14-IDAE_3/2020	Procedemento aberto simplificado	Favorable	09/10/2020

Necesidade a satisfacer:

Coas intervencións que se pretenden coa realización do presente contrato téntase a execución de actuacións nas instalacións de alumeadado público exterior repartidas nas parroquias do Concello de Valados, Castiñeiro, Villardá, Toutelle, Xunqueado, A Cruz e Santa Cruz, intervindo nos viais que discorren polos núcleos rurais do Concello de San Xoán de Río ou unindo os mesmos.

As actuacións previstas corresponden a actuacións en luminarias, soportes das luminarias, cableado, reloxos astronómicos e cadros eléctricos.

Características do contrato:

Tipo de contrato: Contrato de obras	
Subtipo do contrato: Outras instalacións de edificios e obras	
Obxecto do contrato: Reforma do alumeadado público	
Procedemento de contratación: Aberto simplificado	Tipo de Tramitación: Ordinaria
Código CPV: 45316100-6. Instalación de equipos de alumeadado exterior	
Valor estimado do contrato: 78.109,20 euros	
Orzamento base de licitación IVE excluído: 78.109,20 euros	IVE%: 16.402,93 euros
Orzamento base de licitación IVE incluído: 94.512,13 euros	
Duración da execución: 3 meses	Duración máxima: 3 meses

Á vista das características e do importe do contrato propónse a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, de conformidade co previsto no artigo 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.





Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Resolvo

Primeiro. Iniciar o expediente para a contratación descrita nos antecedentes mediante procedemento aberto simplificado.

Segundo. Xustificar a celebración do contrato polos seguintes motivos: téntase a execución de actuacións nas instalacións de alumeadado público exterior repartidas nas parroquias do Concello de Valados, Castiñeiro, Villardá, Toutelle, Xunquedo, A Cruz e Santa Cruz, intervindo nos viais que discorren polos núcleos rurais do Concello de San Xoán de Río ou unindo os mesmos. As actuacións previstas corresponden a actuacións en luminarias, soportes das luminarias, cableado, reloxos astronómicos e cadros eléctricos.

Terceiro. Aprobar o proxecto técnico titulado “Proxecto de aforro e eficiencia enerxética no alumeadado público das parroquias de Valados, Castiñeiro, Villardá, Toutelle, Xunquedo, A Cruz e Santa Cruz”, cun orzamento de execución (IVE engadido) de 94.512,13 euros, redactado polo enxeñeiro técnico industrial, D. Emilio Álvarez Suárez, colexiado nº 183.

Cuarto. Ordenar a redacción dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que deben rexer o contrato e o proceso de adxudicación.

Quinto. Que pola Intervención municipal se faga a retención de crédito, que acredite que existe crédito suficiente e axeitado para financiar o gasto que comporta a celebración do contrato, ou se proceda a certificar a existencia do crédito orzamentario, de conformidade coa disposición adicional terceira § 4 LCSP, e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

Sexto. De ser favorable a fiscalización previa, que se emita Informe-Proposta de Secretaría respecto diso.

Sétimo. Dar conta de todo o actuado a esta Alcaldía para resolver o que proceda, dando conta ao Pleno Municipal, órgano competente, segundo informe de Intervención.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

